- 01/01/16 Rvdo. D. Mauro Heriberto Negro Fernández
Administrador parroquial de Santa Cruz de Viana
- 01/01/16 Rvdo. P. Camilo Rodríguez Fernández
Administrador Parroquial de Santiago de San Mamede de A
Chanca, San Pedro de Froián, San Vicenzo de Froián, San Sal-
vador da Pena y San Pedro Fiz de Reimóndez
- 01/02/16 Rvdo. D. José García Pájaro
Administrador Parroquial de Santo Estevo de Cartelos, San
Cristovo de Castro, San Cristovo de Lobelle, San Mamede de
Lousada, San Xoán de Milleirós y Santa Mariña de Veascós

- 01/02/16 Rvdo. D. José García Pájaro
Administrador Parroquial de San Paio de Diomondi, Santa Cecilia de Freán, San Fiz de A Laxe, Santiago de Louredo, San Xulián de Mourelos y Santa Mariña de Rosende
- 01/02/16 Rvdo. D. José García Pájaro
Vicario Parroquial de San Salvador de Vilasante
- 12/02/16 Rvdo. D. Gonzalo Fraga Vázquez
Director Espiritual del Consejo Diocesano de la Adoración Nocturna Femenina
- 04/04/16 Rvdo. D. José Pérez Barreiro
Administrador Parroquial de Santa María de Abades, San Martiño de Pazos y San Salvador de Piñeiro

DEFUNCIONES

- 26/05/2015 Sor Teresa Rodríguez Rodríguez
- 08/06/2015 Sor Luisa de San Estanislao de Kostka Fernández
- 02/12/2015 Rvdo. D. Manuel Ramos Rodríguez
- 07/02/2016 Rvdo. D. José Liz Trebolle
- 04/03/2016 Rvdo. D. Samuel Antonio Fondevila Mato
- 04/03/2016 Rvdo. D. Sabino Núñez Romay
- 09/03/2016 Rvdo. D. Manuel López Núñez
- 19/03/2016 Rvdo. D. Antonio Ónega Pacín
- 30/04/2016 Rvdo. D. Ovidio Portomeñe Vázquez

NECROLÓXICAS

SOR TERESA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Sor Teresa naceu en Chamusiños (Ourense) o 23 de maio de 1920 nunha familia profundamente cristiá. Ingresou na congregación Hermanitas de los Ancianos Desamparados o ano 1932, fixo a súa primeira profesión en Palencia o ano 1942 e a profesión perpetua en 1945, en Oviedo. Estivo destinada en varias casas de Asturias e Galicia. O 16 de xaneiro de 1970 chegou a Lugo, onde permaneceu durante 45 anos.

Sor Teresa foi unha Irmá moi observante das constitucións, fiel aos mandatos dos superiores e servicial para todos os que necesitaban a súa axuda. Estaba sempre dispoñible en calquera momento para acompañar os enfermos aos hospitais, algo que facía con moito cariño tanto de día como de noite. Sor Teresa era de carácter enérxico, pero sabía recoñecer os seus fallos e melloralos. Foi moi servicial e alegre, moi amante da Stma. Virxe, da vida litúrxica e alma orante.

Cando se viu limitada en cadeira de rodas, sufría por non poder prestar eses servizos como antes facía, pero aceptaba con moita paz a vontade de Deus ofrecendo todos os sufrimentos polas necesidades do mundo enteiro. Era moi agradecida a calquera servizo que se lle facía.

E con esa paz como viviu pasou a gozar eternamente co Señor, deixando un fermoso testemuño da súa vida de fidelidade e entrega. Faleceu o 26 de maio de 2015. Descanse en paz.

SOR LUISA DE SAN ESTANISLAO DE KOSTKA FERNÁNDEZ

Naceu en Goián - Sarria o 8 de agosto de 1919. Foi a sexta de 15 irmáns. Os seus pais adicábanse á agricultura. Foi a súa familia quen soubo inculcarlle os valores cristiáns a todos os seus fillos, contando para a súa devoción cunha capela na súa casa natal. Tres irmáns seguiron a vida

relixiosa: ademais de Sor Luisa, a súa irmá Sor Venancia, xa falecida, da mesma congregación, e un sacerdote, Don Eladio.

Sor Luisa ingresou na congregación a unha idade pouco común daquela, os 29 anos; o motivo foi que estaba encargándose dos coidados dun tío sacerdote polo que tiña un gran cariño e sentía deixalo só.

En 1948 ingresou en Pontevedra e seguidamente pasou a Valencia, onde realizou a súa formación. Foi en Valencia onde fixo a súa primeira profesión o 21 de xaneiro de 1951.

En 1953 marchou a América, onde profesou os votos perpetuos en Colombia en xaneiro de 1954, pasando posteriormente por diferentes casas do país.

En 1965 regresou a España, á Casa de Santiago e pasou por varias casas de Galicia.

En xaneiro de 1977 chega ao Fogar San Xosé de Monforte de Lemos, onde exerceu un gran labor na congregación. Axudaba en todo o que se necesitaba, sen mirar nunca as súas limitacións propias da idade.

Sor Luisa é unha irmá que será lembrada por todos pola súa gran adicción cara aos anciáns, de gran valía polas súas moitas cualidades e capacidade de sacrificio. Incansable traballadora, perfeccionista e entregada á súa misión. Faleceu o 8 de xuño de 2015. Descanse en paz.

RVDO. D. MANUEL RAMOS RODRÍGUEZ

O Rvdo. D. Manuel Ramos Rodríguez, naceu o día 16 de novembro de 1922 na Parroquia de Santo Estevo de Barcia, concello de Lalín. Logo de realizar os estudos eclesiásticos no Seminario Diocesano de Lugo, foi ordenado sacerdote na citada cidade o día 16 de abril de 1950 polo Excmo. e Rvdmo. Dr. D. Rafael Balanzá y Navarro.

Ao ano seguinte, no mes de outubro, o mesmo Bispo noméao para as parroquias de Santa María de Quintá de Lor e Santiago de Augasmestas (Quiroga). Nesta zona da Diocese transcorrería toda a súa vida sacerdotal.

O seu prolongado labor pastoral sempre estivo unido ao arciprestado de Quiroga. Así en 1976 foi nomeado para as parroquias de San Xosé de Vilar de Lor (Quiroga) e de Santa Mariña de Barxa de Lor (A Pobra de Brollón). E en setembro de 1993, Administrador Parroquial de Santa María de Nogueira no municipio de Ribas de Sil.

Sacerdote de gran bondade e pastor solícito cos seus fregueses, era moi apreciado e querido por todos. A súa longa actividade pastoral, ata que solicitou a súa xubilación por razóns de saúde, prolongouse durante 65 anos de fidelidade a Deus e ás súas parroquias. O Bispo da Diocese presidiu o funeral polo seu eterno descanso que se celebrou o día 4 de decembro de 2015, ás 12, na Parroquia de San Lorenzo de Vilatuxe. A continuación recibiu cristiá sepultura na súa parroquia natal de Santo Estevo de Barcia (Lalín). Descanse en paz.

RVDO. D. JOSÉ LIZ TREBOLLE

O Rvdo. D. José Liz Trebolle naceu na Parroquia de Santiago de Ferrei o día 2 de febreiro de 1931. Despois de realizar os seus estudos no Seminario Diocesano foi ordenado presbítero en Lugo o día 24 de xullo de 1955 polo Dr. D. Rafael Balanzá y Navarro. O seu primeiro nomeamento e cargo pastoral foi na Parroquia de San Pedro de Tortes (Becerréa) o 19 de outubro de 1956.

No ano 1958, a petición propia, traládase á Parroquia de San Xoán de Friolfe no Páramo e en 1973 encárgase de Santa María de Ferreiros (Paradela). En 1981 foi membro do V Consello Presbiteral Diocesano e en febreiro de 1995 Administrador Parroquial de Santa Mariña de Adai e San Salvador de Vileiriz.

No ano 2010 cesa, por motivos de saúde, en todos os seus cargos pastorais para retirarse á súa casa natal, onde foi moi ben coidado e atendido pola súa familia. Sempre unido aos compañeiros do seu curso, participaba todos os anos no encontro anual de fraternidade que estes tiñan co señor Bispo. Preocupado polas vocacións sacerdotais visitaba con moita frecuencia aos seminaristas que el mesmo traía ao Seminario. Afable, cariñoso e bonachón foi sempre moi aprezado e querido polos compañeiros e polos fieis a quen atendeu sempre con gran solicitude.

O día 7 de febreiro falecía na paz de Deus na súa casa natal, despois dunha longa enfermidade.

O seu funeral ten lugar en Friolfe, a Parroquia onde residiu e coidou dos seus fieis durante case todos os anos da súa vida sacerdotal.

Descanse en paz

RVDO. D. SAMUEL ANTONIO FONDEVILA MATO

O Rvdo. D. Samuel Antonio Fondevila Mato naceu na Parroquia de Santa María de Bermés (Lalín) o día 14 de novembro de 1929. Realizou os seus estudos eclesiásticos no Seminario Diocesano de Lugo e foi ordenado sacerdote o día 21 de setembro de 1957 polo Dr. D. Antonio Ona de Echave, sendo entón Bispo Auxiliar de Lugo. O seu primeiro cargo pastoral foi na parroquia de Santa Comba de Vilapún no municipio de Cervantes onde atendeu tamén as parroquias de San Xulián de Lamas e Santiago de Vilasante. En 1959 é nomeado tamén ecónomo de Santa María de Ferreiros de Balboa no municipio de Becerreá. En decembro de 1960 é trasladado para San Vicente de Mourulle e encargado de San Xulián de Insua en Taboada. A partir do ano 1975 encárgaselle tamén o coidado pastoral do Salvador de Insua, tamén no municipio de Taboada.

En 1977 é nomeado ecónomo de Santa Mariña de Cangas (Lalín) e en febreiro de 1994, Administrador Parroquial de San Miguel de Galegos e San Cristóbal de Camposancos. Sacerdote sinxelo, humilde e bondadoso, traballou con gran entusiasmo ata que lle sobreveu a enfermidade e presentou a súa renuncia. Desde entón foi moi ben coidado e atendido pola súa familia na súa casa natal.

Faleceu o 4 de marzo de 2016, e o funeral foi na Parroquia de Nª Señora das Dores de Lalín, o 5 de marzo. Descanse en paz.

RVDO. D. SABINO NUÑEZ ROMAY

O Rvdo. D. Sabino Núñez Romay naceu na Parroquia de San Xoán de Parada (Outerio de Rei), o día 19 de maio de 1937.

Ingresou no Seminario Diocesano de Lugo no ano 1948 con outros 104 compañeiros máis. Realizou os estudos eclesiásticos no Seminario e foi ordenado sacerdote o día 29 de xuño de 1960. Neste mesmo ano foi destinado ás parroquias de Santiago de Lebozán e Santa María de Zobra (Lalín), onde exerceu os seus primeiros anos de sacerdocio e das que segundo el mesmo confesa «gardaba un gratísimo recordo».

No ano 1964, é trasladado e nomeado ecónomo de Santiago de Louredo e Sanfiz de Laxe, no Sabiñao. Alí restaurou e viviu na casa rectoral cos

seus pais, colaborou cos veciños en numerosas obras sociais, cos mestres na escolarización dos nenos e alí transcorreu a maior parte da súa vida sacerdotal. Aínda hoxe recórdano con agarimo e afecto os seus fregueses de entón. En 1975 foi nomeado Vicario Parroquial de San Martiño de Vileiros e Santo Estevo de Ribas de Miño no mesmo concello. En 1981 foi elixido membro do V Consello Presbiteral Diocesano e en 1985 o entón Bispo Fr. José Gómez noméao Administrador Parroquial de San Xiao de Friol. Durante este tempo exerceu tamén de Tenente-Arcipreste na Tenencia de Narla. Alí, sofre unha enfermidade cardíaca e pide a xubilación. Era o ano 1988. Desde entón fixou a súa residencia na avenida da Coruña polo que colaboraba habitualmente na Parroquia de San Lourenzo de Albeiros, mentres llo permitiu a súa saúde.

Nos últimos meses da súa vida estivo na Residencia Fraternidade Sacerdotal onde conviviu cos seus compañeiros e recibiu os coidados necesarios para levar con dignidade as súas enfermidades. Escribiu, con motivo das súas Vodas de Ouro, que lle gustaría ser lembrado sobre todo como «un cura de pobo», «cura dun mundo rural en extinción» pero sempre como testemuña do Evanxeo ao estilo de Xesús de Nazaret que percorría os camiños de Palestina facendo o ben.

Descanse en paz.

RVDO. D. MANUEL LOPEZ NUÑEZ

O Rvdo. D. Manuel López Nuñez naceu na Parroquia de Santa Cristina de San Román (Lugo) o día 27 de setembro de 1936. Cursou os estudos eclesiásticos no Seminario Diocesano de Lugo e unha vez terminada a Teoloxía, sendo Subdiácono, faltándolle a idade canónica para recibir o Diaconado e o Presbiterado, solicita, en agosto de 1958, ao entón Bispo Dr. D. Rafael Balanzá y Navarro, a posibilidade de ampliar estudos na Universidade Pontificia de Salamanca. Con informe favorable do entón Reitor do Seminario Dr. D. Francisco Vázquez Saco cursou estudos de Dereito Canónico na citada Universidade e con posterioridade, tamén, no Instituto Xeral de Navarra.

O día 28 de marzo de 1959 foi ordenado sacerdote en Salamanca polo Dr. D. Francisco Barbado, Bispo de Salamanca. En 1959 foi nomeado

Ecónomo de San Cristovo de Cuiñas (A Fonsagrada) e encargado de Santiago de Cereixo no mesmo municipio.

En agosto de 1963, é destinado como Rexente en Santa María de Lier e en setembro do mesmo ano, Ecónomo da devandita parroquia. En 1967, trasládase, tamén como Ecónomo, á Parroquia de Santiago de Ferrei e en 1971, encargado de Santo Estevo de A Mota.

A partir de 1995, ata a súa xubilación por enfermidade, exerceu tamén como Asesor Relixioso do Colexio de EXB de Lousada.

Foi dos primeiros sacerdotes que, debido á súa longa e dolorosa enfermidade, solicitou ser coidado na Casa Sacerdotal San Froilán rexentada pola Fundación Fraternidade, con sé no Seminario Diocesano de Lugo. Sacerdote de gran bondade natural, afable e cordial, aprezado polos fieis e moi querido na Residencia onde estivo varios anos, levou a enfermidade con moita paz, paciencia e sentido cristián. Descanse en paz. O seu funeral foi o 10 de marzo.

RVDO. D. ANTONIO ÓNEGA PACÍN

O Rvdo. D. Antonio Ónega Pacín naceu na Parroquia lucense de San Tirso de Palas de Rei, unida de San Pedro de Vilareda, o día 2 de xaneiro de 1939. Realizou estudos de bacharelato no Instituto de Ensino Medio de Lugo durante os anos 1949-1955, ano no que ingresa no Seminario Diocesano. Finalizados os estudos eclesiásticos no Seminario de Lugo foi ordenado presbítero polo entón Bispo da Diocese, o Dr. D. Antonio Ona de Echave, o día 19 de agosto de 1962. Cunha gran vocación misioneira, o 14 de maio de 1963 solicita ao seu Bispo a posibilidade de incorporarse ao Instituto Español de Misións Estranxeiras (IEME) con sede en Burgos. Ese mesmo ano é destinado a Quinchía (Colombia). Moi pronto é reclamado para exercer de profesor no Seminario Menor de Alzola (San Sebastián), onde permaneceu durante seis anos.

O seu primeiro destino pastoral fóra de España foi en Centro-América, na parroquia de San Isidro Labrador de Mandayure (Guanacaste, Costa Rica), país onde, segundo o seu propio testemuño persoal, traballou durante 13 anos. De novo, en xuño de 1983 é nomeado Administrador Xeral do IEME, percorrendo varios países de África e América do Sur visitando

aos misioneiros. Cumprida a súa misión en Madrid, é enviado de novo ao grupo de Costa Rica en 1988.

Desde febreiro de 1992 é nomeado para a Diocese Misioneira de Colón e Kuna Yala en Panamá para preparar o terreo a outros misioneiros. Nese mesmo ano o Bispo daquela Diocese, Mons. Carlos María Ariz, noméao responsable da Parroquia de Portobelo, no Santuario de Xesús Nazareno (Cristobal Colón) co seu compañoiro da Diocese de Alacante, Venancio Ortiz. É unha parroquia moi extensa, de máis de mil quilómetros cadrados. Durante a súa estancia nesta parroquia realizou unha visita pastoral o entón Bispo de Lugo, Fr. José Gómez González, acompañado do seu Secretario Particular J. Mario Vázquez Carballo.

Desde Panamá regresa de novo a Costa Rica. Corría o ano 2008. Aínda que non exerceu ningún cargo pastoral na nosa Diocese manifestou sempre publicamente a súa incardinación con Lugo (onde viña descansar algunas veces) e a vinculación constante coa súa Diocese natal.

Exerceu a súa vocación sacerdotal e misioneira sempre con moita alegría e entusiasmo. Sacerdote de liña moi evanxelizadora, repartía na súa contorna ilusión e paz. Faleceu o día 19 de marzo do ano 2016 na Casa Cural Upala (Fronteira Norte, Costa Rica) país onde exerceu a maior parte da súa misión sacerdotal. Descanse en paz.

RVDO. D. OVIDIO PORTOMEÑE VÁZQUEZ

O Rvdo. D. Ovidio Portomeñe Vázquez naceu na Parroquia de Santa María de Casa de Naia (Antas de Ulla) o día 3 de febreiro de 1934. Realizou os estudos eclesiásticos no Seminario Diocesano de Lugo e foi ordenado presbítero o día 22 de marzo de 1958 polo Dr. D. Antonio Ona de Echave, bispo auxiliar da Diocese, sendo bispo titular o Dr. D. Rafael Bernaldez y Navarro. Nese mesmo ano é nomeado ecónomo de San Martín de Arroxo na Fonsagrada, onde exerceu o sacerdocio ata o ano 1964, data na que é trasladado para O Salvador de Cortes e San Facundo de Ribas de Miño (Paradela). En 1970 resulta elixido Vicearcipreste de Paradela. En 1973 encárgaselle a Parroquia de Santiago de Laxe tamén no municipio de Paradela. En 1990 é elixido Arcipreste de Paradela-Portomarín e en marzo de 1991 é nomeado Administrador Parroquial de San Vicente e de

San Miguel de Paradela respectivamente. Uns meses despois, en maio do mesmo ano, o Sr. Bispo noméao Párroco das citadas parroquias e Asesor Relixioso do Colexio de EXB da vila. Desde 1992, é tamén Administrador Parroquial de Santalla de Paradela; no ano 1995, de novo Arcipreste e en marzo de 1998, é renovado nos cargos de Párroco de San Vicente e San Miguel engadíndose as Parroquias de Santa Cristina e San Lourenzo de Suar; no ano 2003 é nomeado Administrador Parroquial de San Mamede de Castro, tamén en Paradela. Finalmente, o actual bispo, Dr. D. Alfonso Carrasco Rouco noméao de novo Arcipreste de Paradela-Portomarin en novembro de 2008 e Administrador Parroquial de Santa María de Castro de Rei e Santiago de Aldosende no Arciprestado de Sarria-Samos, o dous de maio do ano 2011.

No mes de abril cando acompañaba aos seus fieis na peregrinación á S. Igrexa Catedral con motivo do Xubileu do Ano Santo da Misericordia, atopouse indisposto e foi ingresado no Hospital Universitario Lucus Augusti a consecuencia dunha grave enfermidade.

Foi un sacerdote moi sensible, de gran amabilidade, dotado dunha especial delicadeza espiritual e humana, con dotes para a música, servicial e moi entregado aos demais. Por todo iso foi unha persoa recoñecida e apreciada polos seus compañeiros e polos fieis que lle foron encomendados.

Faleceu no Hospital Universitario Lucus Augusti na madrugada do día 30 de abril. Descanse en paz.

O funeral polo seu eterno descanso celebrouse o día 2 de maio de 2016 no templo parroquial de San Miguel de Esporiz (Monterroso) ás 12. Presidiu a Eucaristía o Sr. Bispo da Diocese acompañado dun numeroso grupo de sacerdotes concelebrantes.

**APORTACIÓN DA DIOCESE PARA RESTAURACIÓN
E REHABILITACIÓN DE IGREXAS E REITORAIS
NO ANO 2015**

Achega da Diocese para obras en igrexas

SAN MAMEDE DE VILASOUTO (Convenio coa	
Deputación de Lugo)	73.545,00 €
SANTA MARÍA DA CAPELA	5.000,00 €
SAN XOÁN DE ABRENCE	28.000,00 €
SANTA MARIA ALTA	21.196,00 €
SAN LOURENZO DE ALBEIROS	6.600,00 €
SANTIAGO DE CASTELO (LUGO)	14.000,00 €
SAN TIRSO DE PALAS DE REI	27.000,00 €
SAN MAMEDE DE LAMAS DE TRABANCAS	16.000,00 €
CAPELA DOS REMEDIOS. CUBILLEDO	3.000,00 €
SANTA MARIA DE PIN	5.000,00 €
SANTA BAIA DE DONSIÓN	22.500,00 €
SANTA MARIA DE SILVELA	3.300,00 €
CAPELA VIRXE DOS ANXOS. LOBIOS	3.000,00 €
SANTA MARÍA DE BERREDO	10.000,00 €
SAN XIAO DO CARBALLO	2.500,00 €
SAN SADURNIÑO DE FERREIROS	8.000,00 €
SANTIAGO DE GUNDIVÓS.	3.300,00 €
SANTIAGO DE CEREIXEDO (Convenio coa	
Deputación de Lugo)	81.600,00 €
SAN XOÁN DE PARADAVELLA	4.000,00 €
SANTO ESTEVO DAS NOCEDAS	2.000,00 €
SAN SALVADOR DE TOLDOS	25.500,00 €

SANTO TOMÉ DE PARADA	2.500,00 €
SANTIAGO DE ALBÁ	9.000,00 €
SAN XOÁN DE NOCEDA	16.000,00 €
SANTO ESTEVO DE PADERNE	2.500,00 €
SANTA MARÍA MADANELA DE MOSCÁN	1.900,00 €
SAN XOÁN DO CORGO	1.000,00 €
SAN ANDRÉS DO VAL DO CARRIO	4.000,00 €
SAN XOÁN DE TORÉS	12.000,00 €
SAN COSME DE MANÁN	9.200,00 €

Obras en igrexas en Convenio coa Deputación Provincial de Lugo

SAN PEDRO DE TORTES	18.150,00 €
SAN PEDRO DE SERÉS	6.847,00 €
SANTA BAIA DE BOLAÑO	6.000,00 €
SANTA MARÍA DE DORNA	19.694,00 €
SANTA COMBA DE VILAPÚN	18.000,00 €
SANTO ANDRÉ DE LOGARES	12.000,00 €
SANTA MARIA DE REBOIRO	12.000,00 €
POBRA DE SANXIAO	12.000,00 €
CAPELA DE SAN ROQUE DE LUGO	11.125,00 €
SANTA MARÍA DE MEIRA	12.000,00 €
SANTA MARÍA DE RAO	19.210,00 €
SANTA EUFEMIA DE VILARMOSTEIRO	8.600,00 €
MURO DE CONTENCIÓN IGREXA POBRA DE BROLLÓN	35.553,00 €
SANTA MARIA DE NOGUEIRA	16.000,00 €
SAN ROMÁN DE LOUSADA	25.000,00 €
SANTIAGO DE RENCHE	15.847,00 €
SAN SALVADOR DE VILAESTEVA	14.266,00 €
SANTA MARIA DE PIÑEIRA	6.413,00 €
SAN CRISTOVO DE CANCELO	8.893,00 €

Aportación da Diocese para obras en reitorais

PAZO BISPAL DE DIOMONDI	14.500,00 €
REITORAL DE SOBER	1.322,43 €
REITORAL DE TOLDOS. LÁNCARA	733,96 €
REITORAL DE CHANTADA	1.815,00 €
REITORAL DE SAN VICENTE DA ULLOA	28.000,00 €
REITORAL DE PALAS DE REI (Convenio Mixto)	69.000,00 €
REITORAL DE MONTEFURADO	5.000,00 €


NOTICIAS VARIAS

XANEIRO

Eucaristía por todos os bispos da Diocese falecidos

O 8 de xaneiro ás 11 h na Catedral de Lugo, o Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco, presidiu a Eucaristía por todos os bispos da nosa Diocese falecidos.

Ordenación Sacerdotal de José García Pájaro



O sábado 9 de xaneiro ás 12 h na Catedral de Lugo foi ordenado sacerdote José García Pájaro (Corredoira - Lalín, 1977). José García fora ordenado diácono en decembro do 2014 e estivo colaborando pastoralmente en parroquias de A Barrela e Chantada.

Algúns datos

Desde o ano 2010 foron ordenados seis sacerdotes (contando esta última Ordenación). Este ano está prevista a ordenación dun novo diácono. No Seminario Maior de Lugo prepáransen actualmente ao sacerdocio catro rapaces da Diocese de Lugo e un da Diocese de Mondoñedo. Outros candidatos, tanto do Seminario Menor como de fóra están actualmente en discernimento vocacional.

Vixilias de oración polas vocacións

Para preparar a Ordenación e tomar conciencia da importancia de rezar polas vocacións sacerdotais, o 7 de xaneiro tivera lugar na Catedral a primeira das vixilias de oración que se celebran todos os xoves do curso de 21 a 22 h.

Oración pola Unidade dos Cristiáns

Con motivo da Semana de Oración pola Unidade dos Cristiáns, a Delegación Diocesana de Apostolado Segrar organizou dúas celebracións ecuménicas:

- Sábado 23 de xaneiro, celebración ecuménica na igrexa parroquial da Régoa, de Monforte de Lemos, na que participaron as comunidades evanxélica, ortodoxa e católica.

- Domingo 24 de xaneiro, celebración ecuménica na parroquia de Santiago A Nova, de Lugo, coa intervención de protestantes, ortodoxos e católicos, e a asistencia do vicario xeral, Mario Vázquez Carballo.

Os colexios relixiosos de Lugo celebran a xornada pola paz

O 28 de xaneiro, os colexios católicos de Lugo celebran conxuntamente o Día da Paz. Con este motivo invitaron ao xornalista Jaume Vives, autor de varios libros, entre eles *El horror del Estado Islámico: Cristianos sirios*

e iraquíes refuxiados en el Líbano e recentemente viaxou a Irak para gravar un documental sobre a persecución que sufren os cristianos neste país. É fundador do proxecto Gardiáns da fe.

Desde o luns 25 ao xoves 28, percorreu os colexios da Diocese dando charlas aos alumnos sobre estes temas e achegando o seu testemuño.

Así mesmo, impartiu outras charlas abertas ao público en xeral:

- Luns, día 25, ás 20.30 h no salón do Museo Municipal de Lalín.
- Martes, día 26, ás 18.30 h na parroquia de San Froilán. E ás 20.30 no salón de actos do Seminario diocesano.
- Miércoles, día 27, ás 21 h nos locais da Delegación da Mocidade (Casa diocesana de Exercicios)
- O xoves, día 28, Día da Paz. Ás 12h, os alumnos dos colexios relixiosos entraron na Catedral pola porta da Misericordia da Catedral para gañar o xubileu e tiveron un intre de oración.

Celebración de Santo Tomé de Aquino no Seminario Diocesano de Lugo

O 28 de xaneiro, con motivo da festividade de Santo Tomé de Aquino o Seminario Diocesano de Lugo organizou os seguintes actos:

- 19 h: Eucaristía na Capela Maior presidida polo Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco
- 20 h: Na Aula Magna, acto académico no Ano Xubilar da Misericordia, conferencia: «A natureza do perdón divino», a cargo do sacerdote, profesor de Teoloxía e director do Instituto Superior de Ciencias Religiosas San Dámaso de Astorga, Adolfo Rodríguez Iglesias.

O Bispado de Lugo e a Consellería de Cultura e Educación impulsan o Museo Diocesano e Catedralicio para salvagardar o patrimonio histórico e artístico da Diocese

A Diocese de Lugo e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria impulsan a posta en marcha do Museo Diocesano e Catedralicio, a través dun convenio de colaboración que asinaron o bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco, e o conselleiro Román Rodríguez.



O bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco, e o conselleiro Román Rodríguez

O acordo permite salvagardar o patrimonio histórico e artístico moble deste territorio episcopal que abrangue concellos das provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra.

O bispo de Lugo, Alfonso Carrasco, sinalou que o noso patrimonio artístico expresa o que foi a alma dos nosos pobos, dunha Diocese que conta co maior número de parroquias de toda Galicia. «Coidar o patrimonio é coidar do noso rural e da nosa tradición; non quereríamos que as nosas parroquias perdesen a súa memoria e identidade máis profunda». Por iso, mostrouse satisfeito coa firma deste convenio e co que significa para a nosa Diocese porque «o Museo representará a vida da nosa terra, nel atoparse o eco da vida das nosas parroquias».

O delegado de Patrimonio histórico Artístico da Diocese, César Carnero, manifestou a importancia que ten este convenio para a conservación do rico patrimonio moble disperso polas 1138 parroquias do territorio diocesano porque «moitas delas están condenadas á desaparición pola alarmante despoboación do rural galego».

«O Museo Diocesano Catedralicio de Lugo que cumplirá os 100 anos o próximo 2018 —sinalou o delegado de patrimonio da Diocese— convertése así nun alicerce fundamental para a preservación dese rico patrimonio disperso». O convenio acorda tamén uns prazos para catalogar o patrimonio moble máis relevante que «en caso de perigar a súa conservación *in situ* trasladaríase ao museo».

O investimento total desta intervención será de 332.311,46 euros, dos cales 250.000 euros (o 75,23% do total) serán financiados pola Consellería de Cultura e Educación, e os 82.311 euros restantes pola propia Diocese de Lugo.

Instalarase un novo sistema de seguridade nas dependencias do Museo e acondicionaranse espazos, que se dotarán dos elementos necesarios para organizar e ordenar os contidos, os percorridos e o discurso expositivo das pezas existentes xunto coas novas que se incorporen.

Tal como establece o convenio, a Diocese de Lugo encárgase do proxecto técnico das obras así como de contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para executalas.

Esta colaboración responde ao deber de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, artístico e documental da Igrexa en Galicia, dada a súa singular importancia cultural e patrimonial.

FEBREIRO

Clausura do Ano da Vida Consagrada

O día 2 de febreiro, na Catedral de Lugo clausurouse o Ano da Vida Consagrada.

Ás 17.30 h os membros das congregacións relixiosas da Diocese realizaron unha oración ante o Santísimo (altar maior) e, a continuación, saíron da Catedral para volver acceder a ela pola Porta da Misericordia, gañando así o xubileu deste ano.

Seguidamente, o Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco, presidiu a Eucaristía.

A Igrexa nunha sociedade aberta, foi o tema das Xornadas de Teoloxía 2016

O luns 15 de febreiro comenzaron as Xornadas Abertas de Teoloxía na súa 30^a edición. As xornadas continuaron ata o xoves 18 e foron no salón Rexio do Círculo das Artes de Lugo. Estaban organizadas polo Seminario diocesano, o Instituto Teolóxico Lucense e o Centro de Ciencias relixiosas.

Este ano o tema das xornadas, «A Igrexa nunha sociedade aberta», pretendía ser unha proposta de reflexión sobre a resposta da Igrexa aos grandes temas e desafíos que vive a sociedade actual.

O luns 15 de febreiro, estaba prevista a intervención da profesora Lucetta Scaraffia (Roma). Historiadora e xornalista, colabora nos xornais *Avvenire*, *Il Foglio*, *Corriere della Sera* e *L'Osservatore Romano*. Un problema médico impidiulle estar presente, pero enviou o texto da súa conferencia, que foi lida e posteriormente publicouse na internet. A conferencia leva por título: «A Igrexa e a cuestión da muller».

O martes 16 de febreiro, a conferencia sobre «Cristianismo e política» foi a cargo de José Manuel Otero Novas, que preside o Instituto da Democracia (Universidade San Pablo CEU - ACdP).



Fernando Giménez Barriocanal participou nas Xornadas Abertas de Teoloxía

O mércores 17 de febreiro, o Vicesecretario de Asuntos Económicos da Conferencia Episcopal Española, Fernando Giménez Barriocanal (Madrid), tratou sobre «A Igrexa e a economía».

Pechou estas Xornadas, o xoves 18 de febreiro, o rector da Universidade San Dámaso, Javier M. Prades, cunha conferencia titulada «Dar testemuño. A presenza dos cristiáns na sociedade».

COMUNICADO

Ante as informacións sobre a credencial do peregrino expedida en Lugo, manifestamos:

- Esta Diocese recibiu a última hora da tarde de onte unha nota da Oficina de Acollida ao Peregrino, que foi publicada na prensa, negando todo recoñecemento a unha credencial que esta Diocese expedira.
- Dita credencial é, en realidade, iniciativa da Asociación Lugo Monumental, co patrocinio da Voz de Galicia e o apoio explícito do Bispo de Lugo que considerou moi positivo este proxecto. Esta credencial foi presentada o 19 de novembro de 2015. A recadación pola venda da mesma (1 €) é destinada pola Asociación íntegramente a Cáritas diocesana de Lugo.
- Desde os inicios da historia da Igrexa, os bispos expediron cartas credenciais ou documentos semellantes aos fieis que partían das súas dióceses, coas que acreditar a súa condición de católicos ou de peregrinos, e sempre foron recibidas como válidas nas Igrexas ás que se dirixían.
- En todo caso, procurouse respectar a vontade do Cabido da Catedral de Santiago, manifestada nunha nota do 17 de decembro de 2015 e publicada no Boletín Oficial do Arcebispado de Santiago, que garante a acollida doutras credenciais só ata o próximo primeiro de abril.
- Non comprendemos, xa que logo, o rexixitamento expresado agora pola Oficina de Acollida ao Peregrino en exclusiva a esta credencial. Confiamos que esta cuestión se resolva seguindo as canles eclesiás normais.

Celebración do 3º Aniversario do COF Diocesano: memoria de actividades e conferencia sobre a familia

O martes 23 de febreiro cumpríanse tres anos desde a inauguración do Centro de Orientación Familiar (COF) Diocesano de Lugo, unha entidade dependente da Fundación COF Diocesano de Lugo e que foi promovida pola Diocese de Lugo. Con este motivo, o día 23 de febreiro houbo un acto de celebración ás 18.30 h no Seminario Diocesano, no que se presentou a memoria de actividades e tivo lugar unha conferencia sobre a familia e as obras de misericordia a cargo do Bispo Auxiliar de Santiago de Compostela, D. Jesús Fernández.

En tres anos de existencia o COF Diocesano de Lugo, catalogado por moitos cando se puxo en marcha como «o COF alternativo», atendeu na súa área asistencial a máis de 300 persoas e realizou 1.100 sesións de orientación ou terapia. Na actualidade goza do recoñecemento da Xunta de Galicia como Centro de Psicoloxía Sanitaria. Neste tempo soubo facerse un lugar na cidade e a Comunidade Autónoma Galega, dado que



organizou distintas actividades formativas, en colaboración con entidades tan diversas como o Concello de Lugo, o Centro Educativo Fingoi, 13tv ou a Delegación de Pastoral Familiar de San Sebastián, por citar catro das case 40 entidades colaboradoras coas que se relacionou a Fundación COF Diocesano de Lugo.

Cun equipo de 8 profesionais colaboradores que permiten ofrecer unha abordaxe interdisciplinar, un orzamento moi axustado e un director dedicado a tempo completo, a Fundación COF Diocesano de Lugo conseguiu converterse nun dos COF creados pola Igrexa en España que máis rapidamente creceu nos últimos anos. O COF Diocesano de Lugo xerou atractivo e prestixio para católicos doutras provincias, como Pontevedra, A Coruña ou León, (o 30% dos usuarios do COF no último ano proceden das árees de Santiago e A Coruña). A actividade do COF Diocesano de Lugo é cinco veces maior que a dos centros homólogos creados polos bispedados de Ourense e Santiago.

O COF Diocesano de Lugo coordinou un curso de formación de dous anos de duración organizado polas 5 dioceses de Galicia. Un curso polo que o Presidente do Pontificio Consello para a Familia, Mons. Vincenzo Plaglia, escribiu unha carta para transmitir a súa alegría por esta iniciativa.

Ciclo de conferencias «OCCIDENTE ANTE O SÉCULO XXI»

O luns 22 de febreiro, comezou o XIV ciclo de conferencias «OCCIDENTE ANTE O SÉCULO XXI» que, como cada ano, organiza a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Lugo.

Este ano contaron coa presenza do P. Isidoro Macías Martín, «Padre Patera»; o P. Angel García Rodríguez, (Mensajeros de la Paz); e o Delegado Diocesano de Misións, Rvdo. D. Jesús Santiago.

MARZO

Xornada de autoemprego organizada por Cáritas

O 2 de marzo tivo lugar unha nova xornada de autoemprego «POR QUE NON?», incluída dentro das actividades do proxecto «Emprégate II», no marco do Programa de Emprego de Cáritas Diocesana de Lugo.

Tralo saúdo de benvida do Director Cáritas Diocesana de Lugo, Ginés Plaza Fernández, tivo lugar o Espazo Expertos:

Cooperativismo - Traballo asociado. Relatora: Rosa Álvarez Bernárdez. Técnico de asesoramento cooperativo de UGACOTA (Unión de cooperativas de traballo asociado).

Emprendemento con apoio - Incubación básica - Viveiros de empresas. Relator: Rodolfo Ojea Alonso. Coordinador na Fundación CEL Iniciativas por Lugo.

Emprendemento con apoio - Centro de empresas e innovación. Relatora: Isabel Villamor Cabado. Coordinadora Xeral de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Tamén se presentaron historias reais (Bico de Grao, Vinissi, centro de día A Esmorga, Kekotukos, Miramar Cruise e Nós) e empresas xurdidas ao amparo do propio proxecto (Arranxos e Lupe Moda). Finalmente, explícaronse as fases do proxecto.

Conferencia-coloquio sobre apoio a migrantes en América

O 7 de marzo celebrouse na sé de Afundación de Lugo un acto do colectivo As Patroas de Veracruz (México). Norma Romero, representante deste colectivo, e o seu fillo Jafet, ofreceron unha conferencia-coloquio co seguinte título: «Unha experiencia solidaria na fronteira mexicana», que incluíu unha proxección audiovisual e o diálogo cos asistentes. O acto serviu para coñecer mellor o importante traballo das Patroas cos migrantes.

Este acto englobábase dentro da Campaña Noviolencia2018. A organización correu a cargo de Taller de Solidariedade, o Círculo de Silencio, a Delegación de Apostolado Segrar, a Delegación de Misións e Cáritas Diocesana de Lugo.

Semana Santa de Lugo 2016

A Semana Santa de Lugo foi pregoada polo Vicario Xeral da Diocese e Deán da catedral de Lugo, Mario Vázquez Carballo, o venres 11 de marzo no Círculo das Artes.

O cartel elaborouno o fotógrafo artístico Eduardo Ochoa, quen vén colaborando moi estreitamente coa Xunta de Confrarías desde fai moitos anos.

Houbo dous concertos de Semana Santa, o primeiro, a cargo da Banda Filarmónica de Lugo, e tamén houbo o II Concerto Coral de Música Sacra.

Nas procesións e os demais actos non habería variacións destacables en relación a anos anteriores. O Vía Crucis deste ano levaba o nome VÍA CRUCIS DA MISERICORDIA con motivo do Ano da Misericordia.

Celebracións con motivo do Día do Seminario

O sábado 12 de marzo houbo unha xornada de Portas Abertas do Seminario diocesano de Lugo, que permitiu coñecer de cerca o Seminario, particularmente a proposta educativa e o funcionamento do Seminario Menor.

Seminaristas e formadores estiveron presentes nas eucaristías do sábado 12 e do domingo 13.

Tamén houbo, o 10 de marzo na Catedral, oración polas vocacións (desde as 21 h ata as 22 h), como todos os xoves.

No curso 2015-2016 hai cinco seminaristas maiores e 47 alumnos no Seminario Menor.

Presentación do libro *Titanes contra pobreza*

A Deputación de Lugo acolleu o 15 de marzo a presentación do libro *Titanes contra pobreza*, no que o autor, Jose de Cora, repasa os 50 anos de Cáritas Diocesana en Lugo. Esta publicación conta cunha achega provincial de 6.000 € para financiar parte dos custos de edición. No acto participaron o Bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco; o Director de Cáritas Diocesana, Ginés Plaza; a Secretaria xeral de Igualdade da Xunta, Susana López Abella e o autor do libro, José de Cora.



José de Cora explicou que «a obra é como un álbum de fotografías no que se rende homenaxe a todos os implicados nos 50 anos de historia de Cáritas na provincia; e no que se pode apreciar a grandísima evolución no seo da propia organización durante todos estes anos».

O Director de Cáritas sinalou a importancia desta obra para lembrar «o labor de tantos lucenses: voluntarios, socios, colaboradores e traballadores de Cáritas en apoio aos máis desfavorecidos da sociedade; todos eles foron e son parte fundamental da historia desta institución, así como de Lugo, e así se ve reflectido no libro»

O Bispo de Lugo, valorou a creación de Cáritas, un 4 de xuño de 1964, por ser «a expresión da fe profunda do pobo de Lugo a Xesús Sacramentado presente no Altar Maior da Catedral. Este libro fala da sinxeleza da nosa Igrexa e de Cáritas que acompañou a moitas persoas, atendeu moitas necesidades e consolou moitos sufrimientos. Como Igrexa debemos estar no medio do mundo e que a nosa presenza faga posible o encontro, o diálogo e a esperanza, sen aceptar exclusións, divisións ou marxinacións».

Celebración da Misa Crismal

O 23 de marzo, ás 11 h na Catedral de Lugo, o Bispo da Diocese, Mons. Carrasco Rouco, presidiu a Misa Crismal, na que concelebraron os sacerdotes da Diocese.

Nesta celebración, que manifesta a comuñón do Bispo cos seus presbíteros, bendinse os óleos que despois se reparten ás parroquias da Diocese para a administración dos sacramentos ao longo do ano.

Algunhas celebracións de Semana Santa na Catedral

Domingo de Ramos ás 11:30 h



Xoves Santo ás 18 h *Eucaristía*, presidida polo Bispo da Diocese, onde se fai memoria da Santa Cea coa institución da Eucaristía e do sacerdocio. O lavatorio dos pés recorda que El anticipou o sacrificio supremo do Calvario, e deixounos como nova lei o seu amor.

Venres Santo á 12 h.: *Sermón das sete palabras* predicado polo cóengo da S. I. Catedral Basílica D. José Fernández Fernández. Ás 18 h.: celebración da *Paixón do Señor* presidida polo Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco.

Sábado Santo ás 23 h *Solemne Vixilia Pascual* que preside o Sr. Bispo. Logo de bendicir o Lume Novo, acéndese o Cirio Pascual, símbolo de Cristo que ilumina a todo home, e resoa xubiloso o gran anuncio da Resurrección.

Domingo de Resurrección ás 12 h: *Solemne Misa Pontifical de Resurrección*. Mons. Carrasco Rouco presidiu esta Eucaristía á que asistiron autoridades civís e eclesiais e unha representación das confrarías, xa sen o capuz, simbolizando a alegría pola Resurrección. Ao terminar a Misa: procesión do Cristo Resucitado.

ABRIL

Xornada de Axuda á Vida

O sábado 2 de abril, de 10 a 14.30 h no salón de actos do Seminario Diocesano de Lugo, tivo lugar unha xornada en torno a algúns aspectos concretos de apoio á vida e as propostas e iniciativas da Igrexa sobre este tema.

A Delegación de Familia e o Centro de Orientación Familiar diocesano de Lugo organizaron este encontro.

O programa foi o seguinte:

- Primeiro relatorio: *O coidado da vida na vida da parroquia*, a cargo do sacerdote, coach e Fundador de «Signo de Vida», Juan Carlos González Álvarez.

- Segundo relatorio: *O agasallo da vida: indicadores de fertilidade, aplicacións prácticas* pola xinecóloga e experta en regulación natural da fertilidade, Helvia Temprano.
- Terceiro relatorio: Consecuencias psicopatolóxicas tras un aborto provocado.
- Mesa redonda: Presentación de entidades de apoio á vida en Lugo.

Peregrinacións á Catedral con motivo do Ano da Misericordia

2 de febrero: Vida Consagrada

13 de marzo: Parroquias de San Clodio, Quiroga, O Courel

10 de abril: Parroquias de Sarria

17 de abril: Parroquias do Páramo

23 de abril: Xubileu dos catequistas

30 de abril: Parroquias de Meira

Obispos de Galicia



- Nota dos bispos da provincia eclesiástica de Santiago ante a solemnidade de San Xosé

NOTA DOS BISPOS DA PROVINCIA ECLESIÁSTICA DE SANTIAGO ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ

Ante a necesidade de fixar claramente o tratamento que dita festa debe ter por parte da comunidade católica, acordamos manter nas diocesis respectivas o carácter festivo deste día.

A persoa e a vida de San Xosé teñen na historia da nosa salvación unha importancia que foi recoñecida sempre pola sagrada Liturxia e as leis canónicas ao propoñer a súa festa como día de precepto (cf. canon 1246). Tradicionalmente o pobo cristián secundou esta norma dando un significativo realce familiar e social á festa do 19 de marzo.

No presente ano de 2016, este día foi declarado laborable na Comunidade Autónoma de Galicia. Ante a necesidade de fixar claramente o tratamento que dita festa debe ter por parte da comunidade católica, os bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago acordamos manter nas diocesis respectivas o carácter festivo deste día.

En consecuencia, e para coñecemento dos fieis, dispoñemos:

1. Manter o 19 de marzo, solemnidade de San Xosé, festa de precepto, coa obrigación de participar na Santa Misa, aínda que sexa laboralmente hábil.
2. Aqueles fieis que teñan xornada laboral ordinaria quedan dispensados do precepto, aínda que se lles pide e recomenda vivamente a participación na Eucaristía dese día de festa dedicado a San Xosé, esposo da Virxe.
3. Pedir, igualmente, aos párrocos e rectores de igrexas que informen aos fieis con antelación destas decisións e acomoden no posible os horarios de misas ás posibilidades e necesidades dos fieis.

4. Ao coincidir a celebración do Día do Seminario coa festividade de San Xosé, a oración e a colecta para o Seminario diocesano serán trasladadas á tarde do sábado, día 12, e ao domingo, día 13 de marzo.
5. Respecto da celebración logo da hora nona do día 18 de marzo, de acordo coas indicacións do Calendario Litúrxico Pastoral da Conferencia Episcopal Española, celebrarase misa vespertina da Solemnidade de San Xosé. Para a misa vespertina do día 19 de marzo utilizarase o formulario do Domingo de Ramos.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2016

Julián, Arcebispo de Santiago.

Luis, Bispo de Tui-Vigo.

Alfonso, Bispo de Lugo.

José Leonardo, Bispo de Ourense.

Jesús, Bispo Auxiliar de Santiago.

Antonio, Administrador diocesano de Mondoñedo-Ferrol.

